

B.3. UNIDADE 6 A PREHISTORIA

CUESTIÓNS:

1ª) Que período abarca a prehistoria?

A Prehistoria abarca dende a aparición dos primeiros homínidos (hai uns 5 millóns de anos) ata a invención da escritura (3.000 a.C)

2ª) Que serie de cambios anatómicos e culturais marcou o proceso evolutivo?

O **bipedismo** que permitiu a liberación das mans.

O **aumento da capacidade cranial**, paralelo ao desenvolvemento cerebral.

O uso de **pedras cortantes**

O **lume** e a constante mellora material modificaron a dieta

3ª) Menciona a lo menos tres características do Paleolítico

• **Alimentación baseada na depredación**; caza, a pesca e a recolección de froitos.

• **Nomadismo** pois debían desprazarse na busca de recursos

• Nas últimas etapas da hominización xurdiron as **crenzas relixiosas e a arte**

4ª) Completa o cadro comparativo Arte paleolítico-Arte neolítico

ARTE RUPESTRE PALEOLÍTICA		ARTE RUPESTRE NEOLÍTICO
Naturalismo	ESTILO	Esquematismo
Covas	ONDE?	Abrigos rocosos ao aire libre
Animais	QUE?	Escenas de caza, recolección e danzas rituais
Varios	COR	Un
Non	MOVIMENTO	Sí
Maxia propiciatoria	¿POR QUÉ?	Fertilidade da terra
Altamira y Lascaux	OBRAS DESTACADAS	Valltorta

5ª) Hai uns 10.000 anos asistimos a un dos momentos estelares da historia humana: a Revolución Neolítica, cita catro características que a define

-O **crecemento da poboación**.

-A poboación vólvese **sedentarias**,

-Apareceron así a **agricultura e a gandería**.

-Aparición da **cerámica**

6ª) Explica que inventos previos, simultáneos ou posteriores axúdannos a comprender o Neolítico?

O **arado** permitiu aumentar a produtividade das plantas domesticadas.

A **roda**, aplicada ao carro e ao torno, supuxo a consolidación e expansión do transporte e da cerámica.

A **metalurxia**, invención postremeira deste período, con funcións de adorno persoal, bélica e económica, levará en última instancia a un período de transición que nos situará xa na Historia

7ª) A que chamamos ídolos no Neolíticos?

As esculturas máis representativas desta época son os ídolos. Trátase de representacións ou imaxes dun deus ao que adoran feitas en pedra ou óso

8ª) Cando e donde se inicia a Idade dos Metais?

Cara ao V milenio a.C iníciase en Oriente Próximo unha nova etapa histórica que coñecemos como Idade dos Metais.

9ª) Que aspecto diferencia a Idade dos Metais das etapas das anteriores?

O aspecto que a diferencia da etapa previa é o descubrimento do uso do metal, coas implicacións económicas e sociais que iso supuxo.

10ª) Que tres etapas distinguimos normalmente dentro da Idade dos Metais? Explica a última etapa

- IDADE DO COBRE, a primeira (5.000 a.C),.
- IDADE DO BRONCE (alíaxe de cobre e estaño, 3.000 a.C)
- IDADE DO FERRO (II milenio a.C) na que o uso do metal se estendeu a todos os sectores económicos (agricultura, sobre todo).

11ª) A introdución do metal supuxo novidades importantes, fai una lista das mesmas

- Consolidación da **artesanía** e o **comercio**
- A **maior complexidade social**
- Os poboados transfórmanse paulatinamente en cidades. **Aparición do estado**

12ª) O megalitismo, isto é, a construción de monumentos con grandes pedras. que tipos de construcións tiña?

MENHIR, ou pedra fincada no chan, cunha función conmemorativa ou territorial.

DOLMEN, varias pedras verticais sosteñen outra horizontal, como sepulcro colectivo.

CRÓMLECH, círculos concéntricos de pedras, como lugares de culto.

SEPULCRO DE CORREDOR, variedade do dolmen cun corredor que antecede á cámara propiamente dita, e coa mesma función.